

Ordenanza fiscal nº 13 – Taxa por dereitos de exame

Artigo 1.- Feito imponible

Constitúe o feito imponible da taxa a actividade administrativa desenvolvida con motivo de probas selectivas de acceso ou de promoción aos Corpos e Escalas de funcionarios ou ás categorías de persoal laboral convocadas polo Concello de Culleredo.

Artigo 2.- Suxeito pasivo

Son suxeitos pasivos da taxa as persoas físicas que soliciten a inscrición como aspirantes nas probas selectivas contidas no feito imponible da taxa.

Artigo 3.- Cota tributaria

Exame prazas funcionarios de carreira do grupo A ou persoal laboral fixo do grupo I	118,45 €
Exame para prazas funcionarios de carreira do grupo B ou persoal laboral fixo do grupo II	95,57 €
Exame para prazas funcionarios de carreira do grupo C ou persoal laboral fixo do grupo III.	63,85 €
Exame para prazas funcionarios de carreira do grupo D ou persoal laboral fixo do grupo IV	31,72 €
Exame para prazas funcionarios de carreira do grupo E ou persoal laboral fixo do grupo V	23,90 €

Artigo 4.- Devengo

Devéngase a taxa cando se inicie a actividade. Enténdese iniciada esta actividade coa presentación da solicitude de inscrición nas probas selectivas.

Artigo 5.- Xestión

1. Xunto coa solicitude debe achegarse un xustificante acreditativo do pagamento dos dereitos de exame.
2. A falta de xustificación do aboamento dos dereitos de exame determinará a exclusión do aspirante. En ningún caso a presentación e pagamento no banco suporá substitución do trámite da presentación, en tempo e forma, da solicitude perante o órgano competente.
3. A contía esixible pola taxa consignarase expresamente nas disposicións que convoquen as probas selectivas.
4. A non presentación ás probas selectivas non dará lugar á devolución da taxa. Si dera lugar a devolución da taxa a exclusión do aspirante do proceso selectivo.

Disposición Final

A imposición deste tributo foi acordada en sesión plenaria celebrada o día 27/10/1998. A presente Ordenanza Fiscal foi aprobada en sesión plenaria celebrada o día 27/10/1998, sendo modificada posteriormente en sesións plenarias celebradas os días 26/10/1999, 07/11/2000, 27/11/2001, 29/10/2002, 25/02/2003, 28/10/2003, 27/04/2004, 26/10/2004, 25/10/2005, 31/10/2006, 25/09/2007. A presente modificación foi aprobada en sesión plenaria de 30/09/2008. Entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. Comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2009, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.